



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL E DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA O DESEÑO DA ESTRATEXIA DE INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, en relación co establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que intervén en exercicio da máxima representación institucional da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do Decreto 62/2014, do 28 de maio, (DOG 4/06/2014), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña, que intervén en exercicio da máxima



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



representación institucional da Universidade da Coruña, en virtude do Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, (DOG 11/01/2016), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas polo artigo 20.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e o Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG. do 17 de outubro) polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

O 14 de novembro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Esta nova dimensión organizativa reflíctese no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 3 regula a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Tal e coma establece o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

SEGUNDO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural exerce, entre outras funcións: o fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; a divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega; A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Pola súa banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio, organismo creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, exerce, entre outras funcións: A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

TERCEIRO

O artigo 1 da lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

A USC e a UDC son Entidades de Dereito Público independentes e sen ánimo de lucro que desenvolven actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesadas en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter, ou no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica. Nestas entidades participan investigadores e técnicos de valía profesional e prestixio recoñecido posuíndo os medios técnicos adecuados para levar a bo fin actividades de



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



interese xeral.

CUARTO

A Comisión Europea está a desenvolver unha estratexia para unha Infraestrutura Verde Europea (Comunicación da Comisión Europea “Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa” de 6 de maio de 2013), definida como un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sostible destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas.

En España, a Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, introduce no seu capítulo III a creación da “Estrategia Estatal de Infraestrutura Verde y de la Conectividad y Restauración Ecológicas” de forma conxunta pola Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, que ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados. As comunidades autónomas deberán desenvolver as directrices desta Estratexia estatal nun prazo máximo de tres anos desde a súa aprobación.

QUINTO

As especiais características do territorio galego fan que este proporcione unha gran diversidade e potencialidade de servizos ecosistémicos. Algúns datos que reflicten esta potencialidade son as 1.400.000 hectáreas de superficie arborada (48% do territorio), os 50.000 km de ríos, os 1.498 km de costa, os 72 tipos de hábitats de interese comunitario (a terceira comunidade autónoma con maior número de hábitats) ou unha densidade de hábitats que dobra a media española (17,4 hábitats/100 km² fronte a 8,2), ao que hai que engadir certas características, como a existencia dunha actividade agrícola tradicional ou unha estreita relación entre as zonas urbanas e rurais. Todo isto fai, se cabe, máis necesaria a conservación, potenciación e aproveitamento de todos estes valores, polos seus beneficios ambientais e sociais, pero tamén pola súa capacidade para xerar emprego.

Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia permitirá, non só adiantarse a



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



un futuro requirimento europeo e nacional, senón, sobre todo, reforzar a estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante a definición dunha rede de zonas naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade e proporcionar servizos ecosistémicos.

En consecuencia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia a USC e a UDC acordan formalizar o presente Convenio, de conformidade coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento da primeira “Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia” coa que acadar a creación da estrutura ecolóxica básica de Galicia mediante unha planificación territorial que integre as diferentes estratexias desenvoltas nos últimos anos (rede de espazos naturais protexidos, zonas con risco de inundación, áreas de especial interese paisaxístico, paisaxes culturais, ...) coa planificación urbana e de infraestruturas verdes (zonas verdes urbanas, áreas de drenaxe sostible,...).

Trátase de integrar territorialmente estes espazos, creando conexións funcionais entre os mesmos e mellorando a relación entre as diferentes paisaxes e territorios. O resultado será a creación dun sistema de espazos non urbanizados que servirá de base para a ordenación dos usos do solo e a implantación das actividades sobre o territorio.

De conformidade co exposto, o documento correspondente á publicación final da estratexia deberá levar a cabo unha identificación dos ámbitos territoriais máis axeitados para integrar na infraestrutura verde tendo en conta os servizos ecosistémicos (de produción, regulación e culturais) que proporcionan, así como unha proposta de actuacións e directrices para a integración efectiva destes espazos, tendo en conta tanto as actividades e usos actuais como o marco institucional vixente en materia de ordenación territorial e xestión de terras.

En definitiva, trátase da creación dunha rede interconectada de espazos verdes e outros elementos ambientais que conserven as funcións dos ecosistemas naturais, unha ferramenta de eficacia probada que aporta beneficios ecolóxicos, económicos e sociais.



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

Para o desenvolvemento dos traballos constituirase unha comisión de traballo formada polos seguintes membros:

- tres representantes técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dous nomeados polo IET e outro pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, con capacidade de decisión, que dirixirán e supervisarán o traballo.
- Un representante de cada un dos departamentos da USC e da UDC implicados no desenvolvemento da Estratexia Infraestrutura Verde de Galicia.

Esta comisión ten por obxecto unificar criterios de cara a acadar unha estratexia que sexa acorde aos obxectivos previstos na cláusula primeira do presente convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, asume os seguintes compromisos:

- Aportar as cantidades estipuladas na cláusula cuarta.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula quinta.
- Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán un/unha técnico/a con capacidade de decisión, que dirixirá e supervisará o traballo.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán dous técnicos/as con capacidade de decisión, que dirixirán e supervisarán o



traballo, un dos cales será o interlocutor entre a Consellería e as Universidades de Santiago (USC) e da Coruña (UDC).

- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Colaborar coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural na tramitación administrativa, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula quinta.

A Universidade de Santiago (USC) e a Universidade da Coruña (UDC) asumen os seguintes compromisos:

- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- A posta a disposición dos traballos que conforman o obxecto do presente convenio ao IET.
- Facer o seguimento das entregas dos traballos contratados para que cheguen a bo fin, formular conclusións e a dirección da maquetación da publicación final.

CUARTA. FINANCIAMENTO E ELEXIBILIDADE

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 320.000 € (trescentos vinte mil euros), coma achega pola realización das accións e gastos en que se incorra, a aboar ás Universidades de Santiago (USC) e da Coruña (UDC), con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541B 640.1 (código de proxecto 2016 00069) do vixente orzamento de gastos e de conformidade co previsto no anexo IV, relativo aos fitos para o pagamento.

No ano 2017.....160.000 €

No ano 2018.....160.000 €

As cantidades previstas no presente convenio faranse efectivas nun pago na primeira das anualidades e en dous pagos na segunda das dúas anualidades, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2017 para a o pago da anualidade correspondente ao exercicio 2017, e o 30 de agosto de 2018 no primeiro pago, e o 30 de novembro de 2018 para a o segundo pago da anualidade correspondente ao exercicio 2018.



O obxecto deste gasto, cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) co lema “Unha maneira de facer Europa”, nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, elixible segundo os criterios de selección de operacións aprobados para o devandito programa de acordo co seguinte desglose:

ELEXIBILIDADE		
Obxectivo Temático	06	Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.
Prioridade de Inversión	06.04	Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través da Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas.
Obxectivo Específico	06.04.01	Fomentar a xestión, protección e mantemento de espazos naturais e a súa biodiversidade, en particular os protexidos, incluíndo medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertificación.
Actuación	6.4.1.2	Acciones de protección y restauración do patrimonio natural.
Campo de Intervención	085	Protección e fortalecemento da biodiversidade, protección da natureza e infraestrutura ecolóxica.
Liña de Actuación	28	Medidas de protección e conservación do patrimonio natural.
Código Actuación XUMCO	06.41	
Título da operación		Actuacións de deseño, implementación e creación de Infraestruturas Verdes e da biodiversidade. Anualidades 2017-2018-2019-2020

As actuacións contempladas no convenio supoñen unha intervención para mellorar os procesos ecolóxicos e a conectividade e contribúen á consecución do obxectivo específico 6.4.1. Así mesmo, cumpren cos criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación establecida pola Administración para a protección e xestión da biodiversidade.

QUINTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento deste convenio está desagregado no Anexo III e os fitos para a liberación orzamentaria no Anexo IV.

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:



As cantidades achegadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio entregaranse á USC e á UDC, unha vez que se certifique a conformidade cos traballos realizados e se presenten as certificacións acreditativas da realización dos gastos incorridos no desenvolvemento do proxecto, que se realizarán previa presentación da seguinte documentación:

- 1.- Os documentos de texto cos traballos realizados en formato papel. Estes documentos deberán ser entregado en formato editable (Libre Office) mentres que a información xeográfica entregárase integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas da Xunta de Galicia.
- 2.- Unha memoria xustificativa onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas.
- 3.- Unha memoria onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto do presente convenio.
- 4.- Nas xustificacións incluíranse os xustificantes de gastos (facturas, nóminas etc) e os xustificantes de pagamentos (transferencias bancarias).

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Reintegraranse, total ou parcial, as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio: a Consellería de Medio Ambiente, o IET, a USC e a UDC, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Consellería de



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o IET, a Universidade de Santiago (USC) e a Universidade da Coruña (UDC).

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e a UE e os logotipos da UE, da Xunta de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do IET.

Calquera que sexa o medio de difusión, ámbalas dúas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso as Universidades de Santiago (USC) e da Coruña (UDC) poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora.

SÉTIMA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, poderá prorrogarse por outro ano se ambas as dúas partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscrición dunha addenda ao convenio, con antelación á finalización da súa vixencia, que tamén poderá recoller outras accións vinculadas á realización dos obxectivos deste e que son de interese mutua para os asinantes.

OITAVA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Este convenio cofinánciase con fondos do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Os beneficiarios deberán cumprir coa normativa referente a información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5 do Anexo II do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión de 28 de xullo de 2014.

Na documentación xustificativa, presentada pola USC e pola UDC, figurarán os logotipos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os referentes á cofinanciación do gasto con fondos FEDER Galicia 2014-2020, mostrando os seguintes elementos:

- O emblema da Unión e referencia á Unión Europea.
- A referencia ao Fondo que da apoio á operación e o lema: "Unha maneira de facer Europa"

Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo Programa Operativo FEDER, de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

A sinatura do presente convenio de colaboración supón a súa aceptación para ser incluída na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta na que participará un representante por cada un dos departamentos da USC e da UDC relacionados no Anexo I, ou as persoas que se designen en substitución das anteriores; e cinco representantes designados entre o Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nomeados para tal fin en nome da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.



Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A Comisión Mixta de seguimento reunirase con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades recibidas, de conformidade co previsto na cláusula quinta.

DUODÉCIMA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 c) do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.



Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuatuplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e polo IET	Pola Universidade de Santiago de Compostela,	Pola Universidade da Coruña
Beatriz Mato Otero	Juan Manuel Viaño Rey	Julio E. Abalde Alonso



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa



ANEXO I. DEPARTAMENTOS DE INVESTIGACIÓN PARTICIPANTES

O concepto de infraestrutura verde, que é relativamente recente e aínda está en evolución, estase implantando con forza nas políticas territoriais na última década. No documento “Construír una infraestrutura verde para Europa”, publicado pola Comisión Europea no ano 2014, recoñécese que os coñecementos técnicos relacionados coa infraestrutura verde aumentaron moito nos últimos anos pero é necesario seguir investigando para coñecer máis a fondo os vínculos entre a biodiversidade, a condición do ecosistema e a súa capacidade para ofrecer servizos ecosistémicos. Este mesmo documento recoñece a necesidade de innovar para desenvolver novas metodoloxías innovadoras nos ámbitos da restauración e a ordenación territorial. Exemplo disto é a actual encomenda do Ministerio de Agricultura y Medio Ambiente de España ao Consello Superior de Investigacións Científicas para a elaboración das bases científico técnicas e directrices da Infraestrutura Verde Estatal.

En Galicia os principais organismos de investigación son as tres universidades do Sistema Universitario Galego polo que se considera necesaria a participación dos grupos de investigación destas universidades especializados nos diferentes aspectos que debe integrar unha infraestrutura verde para desenvolver as actuacións necesarias para dar cumprimento aos obxectivos previstos no presente convenio.

En consecuencia, asumen a realización das prestacións establecidas a través dos seguintes departamentos:

As accións que leve a cabo a USC serán realizadas por un equipo multidisciplinar do que formará parte persoal do:

- Laboratorio de Biodiversidade, do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), que é un instituto universitario de carácter mixto conformado pola USC, a Deputación de Lugo e a Xunta (Consellería de Medio Rural e Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio) que desenvolve a súa actividade na caracterización, avaliación e xestión da biodiversidade e do patrimonio natural. Estas liñas son directamente aplicables ao deseño e xestión da parte de infraestrutura verde constituída polos espazos naturais protexidos e de maior biodiversidade e valor ecolóxico, así como á planificación dos corredores ecolóxicos. Esta unidade de investigación está coordinada polo profesor Dr. Pablo Ramil Rego.
- Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA), que ten como obxectivo xerar coñecemento sobre a realidade socioeconómica e territorial de Galicia, mediante a análise do desenvolvemento sostible desde unha perspectiva rexional, é dicir, considerando a dimensión



medioambiental, económica e social conxuntamente. Isto convérteo no centro de referencia para a valoración económica dos servizos ecosistémicos proporcionados polo territorio. Actúa no presente convenio baixo a dirección do Dr. Emilio Díaz Varela

- O Laboratorio do Territorio do Grupo de Investigación 1934 - Territorio e Biodiversidade (LaboraTe), que está integrado por profesores da Escola Politécnica de Lugo, o único centro universitario de Galicia onde se imparte o grao en Enxeñaría Agrícola e o Máster en Enxeñaría Agronómica, e está especializado en ordenación do territorio rural. Por este motivo é un grupo de referencia para a planificación dos espazos rurais que integrarán a infraestrutura verde. Actúa no presente convenio baixo a dirección do Dr. David Miranda Barrós.

As accións que leve a cabo a UDC serán realizadas por un equipo multidisciplinar do que formarán parte persoal do:

- Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo da Universidade da Coruña, que é o único departamento do Sistema Universitario de Galicia que ten o urbanismo como principal liña de actuación, polo que é a referencia para a planificación dos espazos urbanos da infraestrutura verde. Actúa no presente convenio baixo a dirección do Dr. Javier González Harguindey.
- Grupo de Investigación sobre Visualización Avanzada e Cartografía (videaLAB/cartoLAB) do Departamento de Enxeñaría Civil da UDC da Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña , toda vez que o estudo e análise das características das infraestruturas de transporte, incluíndo o seu impacto ambiental e paisaxístico e as medidas de corrección ou mitigación destes efectos, é propio dos enxeñeiros de camiños. A Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos é a única de Galicia que imparte o Máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Actúa no presente convenio baixo a dirección do Dr. Francisco Alberto Varela García.

O Instituto de Estudos do Territorio realiza investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; Promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e



XUNTA DE GALICIA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
Unha maneira de facer Europa

galicia

programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados e a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia son fins deste organismo autónomo que fan imprescindible a súa participación neste convenio para subministrar e facilitar aquela información dispoñible así coma o apoio e asesoramento técnico preciso que sexa necesario para o seu bo fin.



ANEXO II. ACCIÓNS E CRONOGRAMA

1.- ACCIÓNS

Acción: ESTRATEXIA INFRAESTRUTURA VERDE DE GALICIA

O obxectivo do convenio é o desenvolvemento da primeira “Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia”, que comprenden os seguintes fitos:

A.- Coordinación do proxecto

Produto: Plan de traballo e definición de metodoloxía, terminoloxía e fontes de datos xeográficos

Tarefas	Responsable	Duración
A.1. Definición do plan de traballo	IET	1 mes
A.2. Definición de metodoloxía, terminoloxía e fontes de datos xeográficos	IET	2 meses
A.3. Coordinación da identificación de variables, avaliación de servizos ecosistémicos e delimitación da infraestrutura verde	IET	9 meses
A.4. Integración das directrices de xestión da infraestrutura verde	IET	9 meses



B.- . Identificación das variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos

Produto: Identificación, descrición e cartografía de variables

Tarefas	Responsable	Duración
B.1. Variables para a avaliación de servizos ecosistémicos relacionados coa biodiversidade e a ecoloxía	IBADER	3 meses
B.2. Variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos proporcionados polos espazos rurais	LaboraTe	3 meses
B.3. Variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos proporcionados polos espazos urbanos e periurbanos	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	3 meses

C.- Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos

Produto: Mapas de potencial de provisión de servizos ecosistémicos

Tarefas	Responsable	Duración
C.1. Caracterización e avaliación do potencial de biodiversidade e provisión de servizos ecosistémicos en espazos naturais protexidos	IBADER	3 meses
C.2. Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos en zonas rurais	LaboraTe	3 meses
C.3. Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos en zonas urbanas e perirubanas	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	3 meses



D.- . Definición de elementos da infraestrutura verde e localización espacial dos mesmos

Produto: Elementos de infraestrutura verde e cartografía coa localización dos elementos da infraestrutura verde

Tarefas	Realización	Duración
D.1. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas naturais. Proposta de localización destes elementos e delimitación de corredores ecolóxicos	IBADER	3 meses
D.2. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas rurais. Proposta de localización destes elementos.	LaboraTe	3 meses
D.3. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas urbanas e periurbanas. Proposta de localización destes elementos.	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	3 meses

E.- Posta en valor de servizos ecosistémicos

Produto: Identificación de posibles esquemas de pagamento e modelos de negocio asociados á provisión de servizos ecosistémicos

Tarefas	Responsable	Duración
E.1. Análise de modelos de negocio compatibles ou xeradores de servizos ecosistémicos	IDEGA	3 meses
E.2. Identificación de esquemas de pago por servizos no contexto europeo	IDEGA	3 meses
E.3. Avaliación do potencial de aplicación dos modelos máis axeitados para Galicia	IDEGA	3 meses



F.- Análise das infraestruturas civís na infraestrutura verde

Produto: Directrices para a redución de impactos das infraestruturas civís na produción de servizos ecosistémicos e cartografía SIX da localización de zonas de actuación

Tarefas	Responsable	Duración
F.1. Identificación de áreas prioritarias para desenvolver accións de redución de impactos	Cartolab	4 meses
F.2. Orientacións e directrices para a redución de impactos	Cartolab	3 meses

G.- Directrices para a xestión da infraestrutura verde

Produto: Directrices da infraestrutura verde

Tarefas	Responsable	Duración
G.1. Directrices para a xestión dos espazos de maior biodiversidade e valor natural da infraestrutura verde	IBADER	6 meses
G.2. Directrices para os espazos rurais da infraestrutura verde en función dos servizos ecosistémicos que proporcionan	LaboraTe	6 meses
G.3. Directrices para os espazos urbanos da infraestrutura verde. Directrices e criterios para a incorporación da infraestrutura verde ao planeamento urbanístico	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	6 meses
G.4. Directrices para mitigar as afeccións producidas polas infraestruturas civís (transportes, hidráulicas...) na infraestrutura verde	Cartolab	9 meses



H.- Estratexias para o desenvolvemento da infraestrutura verde

Produto: Estratexias de desenvolvemento

Tarefas	Responsable	Duración
H.1. Criterios para a restauración ecolóxica e definición de actuacións para os diferentes espazos	IBADER	5 meses
H.2. Estratexias para a mellora da provisión de servizos ecosistémicos nos espazos rurais e o aproveitamento das súas potencialidades para o desenvolvemento económico das actividades agropecuarias e forestais	LaboraTe	5 meses
H.3. Estratexias para a mellora da provisión de servizos ecosistémicos na infraestrutura urbana	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	5 meses
H.4. Propostas para a recuperación de espazos urbanos e periurbanos degradados	Proxectos arquitectónicos e urbanismo	5 meses
H.5. Estratexias para o aproveitamento das potencialidades da infraestrutura verde para o desenvolvemento socioeconómico	IDEGA	11 meses



I.- Participación pública

Produto: Proceso de participación pública e análise dos resultados do mesmo

Tarefas	Responsable	Duración
I.1. Constitución e coordinación do grupo de traballo da Xunta de Galicia	IET	16 meses
I.2. Desenvolvemento do proceso de participación pública	IET	12 meses
I.3. Análise dos resultados do proceso de participación pública	IET	8 meses

**2. CRONOGRAMA**

	Meses															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
A.																
A.1	X															
A.2	X	X														
A.3	X	X	X	X	X	X	X	X	X							
A.4								X	X	X	X	X	X	X	X	X
B.																
B.1.	X	X	X													
B.2	X	X	X													
B.3	X	X	X													
C																
C.1.	X	X	X													
C.2.	X	X	X													
C.3.	X	X	X													
D.																
D.1.		X	X	X												
D.2.		X	X	X												
D.3.		X	X	X												
E.																
E.1.	X	X	X													
E.2.	X	X	X													
E.3.		X	X	X												



	Meses															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
F.																
F.1.	X	X	X	X												
F.2.		X	X	X												
G. -																
G.1.								X	X	X	X	X	X			
G.2.								X	X	X	X	X	X			
G.3.								X	X	X	X	X	X			
G.4.								X	X	X	X	X	X	X	X	X
H.																
H.1.												X	X	X	X	X
H.2.												X	X	X	X	X
H.3.												X	X	X	X	X
H.4.												X	X	X	X	X
H.5.						X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
I.																
I.1.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
I.2.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X				
I.3.									X	X	X	X	X	X	X	X



ANEXO III. ORZAMENTO

O presente Anexo recolle tanto as cantidades aportadas a través do presente convenio pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido na súa cláusula cuarta, como as valoracións económicas daqueles actividades a realizar polo resto das partes asinantes, que non son obxecto de financiamento.

Orzamento (€) (DXPN) Valoración dos Traballos

A. Coordinación do proxecto

A.1. Definición do plan de traballo	1.000 (IET)
A.2. Definición de metodoloxía, terminoloxía e fontes de datos xeográficas	1.000 (IET)
A.3. Coordinación da identificación de variables, avaliación da provisión de servizos ecosistémicos e delimitación da infraestrutura verde	10.000 (IET)

B. Identificación das variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos

B.1. Variables para a avaliación de servizos ecosistémicos relacionados coa biodiversidade e a ecoloxía	10.000	5.000 (IBADER) USC
B.2. Variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos proporcionados polos espazos rurais	10.000	5.000 (LaboraTe) USC
B.3. Variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos proporcionados polos espazos urbanos e periurbanos	10.000	5.000 (Proxectos arquitectónicos e urbanismo) UDC

C. Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos

C.1. Caracterización e avaliación do potencial de biodiversidade e provisión de servizos ecosistémicos en espazos naturais protexidos	15.000	5.000 (IBADER) USC
C. 2. Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos en zonas rurais	15.000	5.000 (LaboraTe) USC
C.3. Caracterización e avaliación do potencial de	15.000	5.000 (Proxectos



provisión de servizos ecosistémicos en zonas urbanas e perirubanas

arquitectónicos e urbanismo)
UDC

D. Definición de elementos da infraestrutura verde e localización espacial dos mesmos

D.1. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas naturais. Proposta de localización destes elementos e delimitación de corredores ecolóxicos

15.000

5.000 (IBADER) USC

D.2. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas rurais. Proposta de localización destes elementos

15.000

5.000 (LaboraTe) USC

D.3. Definición de elementos de infraestrutura verde en zonas urbanas e periurbanas. Proposta de localización destes elementos

15.000

5.000 (Proxectos arquitectónicos e urbanismo) UDC

E. - Posta en valor de servizos ecosistémicos

E.1. Análise de modelos de negocio compatibles ou xeradores de servizos ecosistémicos

7.500

E.2. Identificación de esquemas de pago por servizos no contexto europeo

7.500

E.3. Avaliación do potencial de aplicación dos modelos máis axeitados para Galicia

5.000

F. Análise das infraestruturas civís na infraestrutura verde

F.1. Identificación de áreas prioritarias para desenvolver accións de redución de impactos

10.000

F.2. Orientacións e directrices para a redución de impactos

10.000

G. - Directrices para a xestión da infraestrutura verde

G.1. Directrices para a xestión dos espazos de maior biodiversidade e valor natural da infraestrutura verde

20.000



G.2. Directrices para os espazos rurais da infraestrutura verde en función dos servizos ecosistémicos que proporcionan 20.000

G.3. Directrices para os espazos urbanos da infraestrutura verde. Directrices e criterios para a incorporación da infraestrutura verde ao planeamento urbanístico 20.000

G.4. Directrices para mitigar as afeccións producidas polas infraestruturas civís (transportes, hidráulicas...) na infraestrutura verde 20.000

H. Estratexias para o desenvolvemento da infraestrutura verde

H.1. Criterios para a restauración ecolóxica e definición de actuacións para os diferentes espazos 20.000

H.2. Estratexias para a mellora da provisión de servizos ecosistémicos nos espazos rurais e o aproveitamento das súas potencialidades para o desenvolvemento económico das actividades agropecuarias e forestais 20.000

H.3. Estratexias para a mellora da provisión de servizos ecosistémicos na infraestrutura urbana 10.000

H.4. Propostas para a recuperación de espazos urbanos e periurbanos degradados 10.000

H.5. Estratexias para o aproveitamento das potencialidades da infraestrutura verde para o desenvolvemento socioeconómico 20.000

I. Participación pública

I.1. Constitución e coordinación do grupo de traballo da Xunta de Galicia

I.2. Desenvolvemento do proceso de participación pública 10.000 (IET)

I.3. Análise dos resultados do proceso de 10.000 (IET)



participación pública

ANEXO IV. FITOS PARA O PAGAMENTO

As cantidades previstas no presente convenio faranse efectivas nun pago na primeira das anualidades e en dous pagos na segunda das dúas anualidades, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2017 para a o pago da anualidade correspondente ao exercicio 2017, e o 30 de agosto de 2018 no primeiro pago, e o 30 de novembro de 2018 para a o segundo pago da anualidade correspondente ao exercicio 2018.

Fito	Data	Importe
Fito 1. Identificación das variables para a avaliación dos servizos ecosistémicos (B)	Novembro 2017	de 30.000 €
Fito 2. Caracterización e avaliación do potencial de provisión de servizos ecosistémicos (C)	Novembro 2017	de 45.000 €
Fito 3. Definición de elementos da infraestrutura verde e localización espacial dos mesmos (D)	Novembro 2017	de 45.000 €
Fito 4. Posta en valor de servizos ecosistémicos (E)	Novembro 2017	20.000 €
Fito 5. Análise das infraestruturas civís na infraestrutura verde (F)	Novembro 2017	20.000 €
Fito 6. Directrices para a xestión da infraestrutura verde (G)	2018	80.000 €
Directrices para a xestión dos espazos de maior biodiversidade e valor natural da infraestrutura verde; Directrices para os espazos rurais da infraestrutura verde en función dos servizos ecosistémicos que proporcionan; Directrices para os espazos urbanos da infraestrutura verde. Incorporación da infraestrutura verde ao planeamento urbanístico	Setembro de 2018	(60.000 €)
Directrices para mitigar as afeccións producidas polas infraestruturas civís (transportes, hidráulicas...) na infraestrutura verde	Novembro 2018	de (20.000 €)



Fito 7. Estratexias para o desenvolvemento da infraestrutura verde (H) €)
Novembro de 80.000 €
2018

	2017	2018	TOTAL
USC	100.000	100.000	200.000
UDC	60.000	60.000	120.000
TOTAL	160.000	160.000	320.000